

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

*RESOLUCIÓN do 17 de marzo de 2014 pola que se publica o plan de estudos da titulación oficial de máster universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional.*

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe positivo da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Establecido o carácter oficial do título por Acordo do Consello de Ministros do 21 de febreiro de 2014 (publicado no BOE do 11 de marzo de 2014 por Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do 28 de febreiro de 2014).

Para os efectos do cumprimento do previsto no artigo 35.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que establecen que os reitores e as reitoras das universidades deberán ordenar a publicación no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) e no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), neste caso, do primeiro inciso do número 5.1 da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, segundo o anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, de acordo co comunicado do 14 de outubro de 2008, da Subdirección Xeral de Coordinación Académica e Réxime Xurídico do Ministerio de Ciencia e Innovación, relativo á estrutura das ensinanzas, e conforme o artigo 26 do Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

Esta reitoría

RESOLVE:

Publicar o plan de estudos conducente á obtención do título de máster universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional que se recolle no anexo a esta resolución.

Vigo, 17 de marzo de 2014

Salustiano Mato de la Iglesia  
Reitor da Universidade de Vigo



ANEXO  
**Máster universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional**  
 (2ª edición)

Rama de coñecemento: Ciencias Sociais e Xurídicas.

Universidade participante: Vigo.

Cadro 1. Distribución de créditos ECTS segundo o tipo de materia.

Tipo de materia	ECTS
Obrigatorias	54
Optativas	0
Prácticas externas	0
Traballo fin de máster	6
Créditos totais	60

Cadro 2. Materias, créditos e módulos do máster.

Materias	ECTS	Carácter	Módulo
Teoría Política Contemporánea	3	Obrigatorio	Política, Democracia e Goberno: Novos Deseños institucionais para o Goberno das Sociedades Complexas
Retos da Gobernanza: Corrupción e Desafección Política	3	Obrigatorio	
Análise Política: Institucións, Actores e Procesos	3	Obrigatorio	
Temas Actuais na Política Internacional: Globalización e Procesos de Integración	3	Obrigatorio	
Paradigmas do Cambio Institucional: do Neoinstitucionalismo á Gobernanza	3	Obrigatorio	
Innovación Administrativa e Modelos de Xestión de Servizos Públicos	3	Obrigatorio	
A Dirección de Persoas como Eixo do Cambio nas Organizacións Públicas	3	Obrigatorio	Recursos para a Mellora da Dirección Pública I: Xestión de Organizacións e Persoas
Liderado Público. Xestión de Persoas e Equipos de Alto Rendemento	3	Obrigatorio	
Políticas Públicas. Da Análise do Problema á Implementación	3	Obrigatorio	
Auditoría e Avaliación Pública	3	Obrigatorio	
Teoría e Técnicas de Negociación Sociopolítica: Xeración de Consenso e Confianza	3	Obrigatorio	
Novos Deseños Estratéxicos no Contexto do Goberno Electrónico	3	Obrigatorio	
Xestión de Coñecemento e Responsabilidade Social Corporativa	3	Obrigatorio	
Valor Público, Administración Financeira e Orzamentaria	3	Obrigatorio	



Materias	ECTS	Carácter	Módulo
Proceso de Análise I: Técnicas Cualitativas	3	Obrigatorio	Recursos para a Mellora da Dirección Pública II: Competencias Instrumentais para a Xestión Pública
Proceso de Análise II: Técnicas Cuantitativas	3	Obrigatorio	
Xestión da Información e Metodoloxía para a Elaboración de Resultados	3	Obrigatorio	
Inglés Aplicado á Xestión Pública	3	Obrigatorio	
Traballo fin de máster	6	Obrigatorio	Traballo fin de máster

Para a obtención do título de máster universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional, o alumnado deberá superar os 60 ECTS de que consta o máster.

